



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA DO REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL (AVPC)

As Entidades Locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios. O artigo 4.1.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, outorga aos concellos a potestade regulamentaria dentro do ámbito das súas competencias.

A manifestación desta competencia reflíctese na elaboración dunha norma de carácter regulamentario que regule os aspectos relacionados coa AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL (AVPC) dentro do municipio.

Mediante este regulamento o Concello pretende regular diversas cuestións segundo o establecido na Lei 17/2015, de 9 de Xuño do Sistema Nacional de Protección Civil, xa no preámbulo cítase que “...*sen prexuízo da indispensable colaboración cidadá, todos os poderes públicos competentes, dende o nivel local ata as institucións europeas e internacionais, determinando políticas públicas para desenvolver instrumentos normativos, organizativos e medios que lles permiten exercer as súas respectivas responsabilidades nesta materia e melloras continuamente...*”; indicando que o regulamento ten una clara conexión coa Administración local, polo que se habilita aos concellos para a súa concreción, continuando con “...*as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais poñen en práctica as súas competencias propias na materia, regulando a súa actuación, configurando servizos propios de protección civil, desenrolando órganos competentes de coordinación de emerxencias que supuxeron un avance substantivo, na xestión de todo tipo de emerxencias e eficaces servizos municipais de protección civil...*” dotando de maior capacidade aos municipios.

Segundo o artigo 19 da devandita lei “...*O Estado colaborará coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais facilitando os recursos humanos e materiais dispoñibles no caso de emerxencias que non se declararan de interese nacional, nos termos que se acorden no Consello Nacional de Protección Civil..*”.

Os obxectivos desta ordenanza son, fundamentalmente:

- Dotar dun regulamento actualizado á AVPC no termo municipal.
- Establecer unha regulación clara nos trámites relacionados coas necesidades, activacións en sancións durante a prestación do servizo.
- O establecemento de medidas co fin de garantir o funcionamento adaptado e articulado á actualidade.
- Prestar unha especial atención ás veciñas e veciños do municipio que soliciten este elemento formativo, voluntario e xerador de riqueza social, cultural e académica.

Sada, na data da sinatura dixital.

O concelleiro

Breogán Blanco González